

Proxecto XEITOS DE VER



Financiado por:



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

REDES SOCIAIS E XÉNERO

REDES SOCIAIS E XÉNERO

PROGRAMA DA FUNDACIÓN ÉRGUETE "XEITOS DE VER 2021"

Durante 2 meses e medio estivemos dialogando, procurando información sobre as redes sociais e o xénero, e compartindo experiencias e ideas sobre como nos afecta un mundo cada día máis dixitalizado,

As redes sociais abrínnos portas para coñecer máis, para comunicarnos cos seres queridos, e para realizar tarefas diarias dunha forma áxil e rápida.

Porán, tamén nos expoñen aos riscos dun mundo virtual onde é difícil perderse en identidades parciais e nunha exposición constante que nos coloca nun lugar de vulnerabilidade con pouco control.

Aprender a utilizar as ferramentas que a golpe de click nos conectan con outras persoas afíns e temas de interés, e facelo dun xeito responsable e seguro para nós e as demais persoas, foi o obxectivo principal desta edición de "Xeitos de ver 2021".



Para ampliar o noso ollar sobre a cidade e a nosa relación con ela, fixemos moitas visitas aos diferentes recursos culturais e sociais que a cidade da Coruña nos ofrece, como monumentos, bibliotecas, exposicións, parques e museos, e a oficina LGBTQ+ municipal "Espazo Diverso", onde nos deron unha charla sobre os seus servizos e o "sexting".

Tamén recibimos a visita de alumnado de Educación Social da Universidade da Coruña, que organizou unha Xincana sobre RRSS e xénero. Sorprendémonos todas e todos, rompendo estereotipos e achegando historias de vida das que aprender e sobre as que reflexionar.

Unha aprendizaxe dun grupo diverso con moito que aportar ao proxecto e a sociedade.

A seguir a recollida de información que o alumnado do curso elaborou nas prácticas e debates nas aulas, procurando nas redes sociais, internet e na biblioteca, sobre diferentes termos e aspectos relacionados coas redes sociais e xénero

QUÉ É O MACHISMO?



ACTITUDE E MANEIRA DE PENSAR DE QUEN SOSTÉN QUE O HOME É, POR NATUREZA, SUPERIOR Á MULLER.

IDEOLOXÍA QUE ENGLOBA O CONXUNTO DE ACTITUDES, CONDUCTAS, CRENZAS E PRÁCTICAS SOCIAIS DESTINADAS A PROMOVER A SUPERIORIDADE DOS HOMES.

CASE A METADE DOS HOMES NOVOS CONSIDERAN QUE A VIOLENCIA DE XÉNERO NON É UN PROBLEMA GRAVE NA SOCIEDADE.

O MACHISMO NON É ALGO DO QUE SENTIR ORGULLO. É ALGO A ERRADICAR.

QUÉ É O FEMINISMO?



O FEMINISMO É UN MOVEMENTO POLÍTICO E SOCIAL, UNHA TEORÍA POLÍTICA E UNHA PERSPECTIVA FILOSÓFICA QUE POSTULA O PRINCIPIO DE IGUALDADE DE DEREITOS DA MULLER.

IGUALDADE, EQUITADE DE XÉNERO E FEMINISMO, UNHA MIRADA HISTÓRICA Á CONQUISTA DOS DEREITOS DAS MULLERES.

PRINCIPIO DA IGUALDADE DE DEREITOS ENTRE HOMES E MULLERES.

O FEMINISMO LOITA CONTRA A DISCRIMINACIÓN CARA AS MULLERES.

É UN MOVEMENTO IMPARABLE QUE COMEZOU HAI MÁIS DE 100 ANOS.

QUÉ SON AS NOVAS MASCULINIDADES?



DURANTE SÉCULOS TENSE CONSTRUÍDO UNHA IDEA DE MASCULINIDADE HEXEMÓNICA: ESE HOME QUE TODO O PODE, FORTE, PROTECTOR E PROVEEDOR.

PERO ESA MASCULINIDADE TRADICIONAL TEN VARIOS PROBLEMAS: NON SE AXUSTA Á REALIDADE, CONDUCE A IDENTIDADES INSANAS E FREA O DESENVOLVEMENTO DA IGUALDADE.

AS NOVAS MASCULINIDADES CUESTIONAN A DESIGUALDADE DE XÉNERO, OS VALORES DE COMPETITIVIDADE, ROLES DE XÉNERO E APOSTAN POLO COIDADADO.

PROPOÑEN REPLANTEXAR A IDEA DE MASCULINIDADE E DESAPRENDER OS ROLES DE XÉNERO APRENDIDOS DURANTE TODA A VIDA.

QUEREN ACABAR COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COAS ACTITUDES QUE CONDUCEN A ELA.

HAI IGUALDADE DE XÉNERO NAS ARTES E MEDIOS DE COMUNICACIÓN?



VENSE MÁIS IMAXES DE HOMES NAS CARÁTULAS E ANUNCIOS DE PELÍCULAS QUE DE MULLERES. HAI MÁIS ACTORES QUE ACTRICES?

NA MÚSICA POP APARECE UN NÚMERO MÁIS IGUALITARIO DE HOMES E MULLERES, MAS NO ROCK E HEAVY METAL SON MAIORITARIAMENTE IMAXES DE HOMES, EN BANDAS E COMO SOLISTAS.

SE BUSCAS "MULLER" NAS REDES APARECEN TELENÓVELAS, MULLERES FERMOAS... SE BUSCAS "HOME" SON HOMES FORTES, GUAPOS, RICOS E CON ÉXITO. EN AMBOS CASOS UTILÍZANSE PARA VENDER ALGO.

AS MULLERES APARECEN DE CORPO ENTEIRO, MOSTRANDO COMO VISTEN, COMO SE VEN, EN REVISTAS DE COTILLEOS, MODA OU COCINA. OS HOMES EN IMAXES DE CARA, MEDIO CORPO, SERIOS, APARECEN EN REVISTAS DE NEGOCIOS, DEPORTES...

QUÉ É A FENDA DIXITAL DE XÉNERO?



A INTERNET TROUXO OUTRO TIPO DE EXCLUSIÓN, DESIGUALDADE, DISCRIMINACIÓN E ANALFABETISMO DIXITAL.


200 MILLÓNS MENOS DE MULLERES QUE HOMES CONECTADOS Á REDE.

DOS 14 AOS 44 ANOS HAI MÁIS MULLERES UTILIZANDO REDES, PERO A PARTIR DOS 45 ANOS DISMINÚE O SEU USO, E A PORCENTAXE DE HOMES AUMENTA.

DEFÍNESE COMO A DESIGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES PARA ACCEDER Á INFORMACIÓN, COÑECEMENTO E EDUCACIÓN MEDIANTE AS TICS.

TAMÉN HAI DIFERENZAS MOI GRANDES ENTRE O RURAL, CON BAIXO USO E MÁ CONEXIÓN, E O ÁMBITO URBÁN.

QUÉ É O CIBERACOSO?



É O ACOSO OU INTIMIDACIÓN POR MEDIO DAS TECNOLOXÍAS DIXITAIS.

É UN COMPORTAMENTO QUE SE REPITE E QUE PROCURA ENFADAR OU HUMILLAR A OUTRAS PERSOAS A TRÁVÉS DE:

- DIFUNDIR MENTIRAS
- ENVIAR MENSAXES HUMILLANTES
- FACERSE PASAR POR OUTRA PERSOA
- ENVIAR MENSAXES AGRESIVAS

HAI 3 PROTAGONISTAS PRINCIPAIS:

- O ACOSADOR: PROPAGA UNHA MENSAXE FERINTE NAS REDES SOCIAIS
- A VÍCTIMA: SOFRE O ACOSO, HUMILLACIÓN E INTIMIDACIÓN PÚBLICA.
- O ESPECTADOR: NON AXUDA Á VÍCTIMA, E PODE CONTRIBUIR A QUE SE EXTENDA O ACOSO MÁIS.

CÓMO NOS DEFENDEMOS DO CIBERACOSO?



1. CREANDO CONTRASINAIS SEGURAS
2. **NON COMPARTINDO AS NOSAS CONTRASINAIS.** MANTENDO A NOSA PRIVACIDADE E CIBERSEGURIDADE
3. **NON CONFIANDO NAS REDES WIFI GRATUÍTAS.**
4. **NON PUBLICANDO INFORMACIÓN PERSOAL EN REDES SOCIAIS.**
5. **MANTENDO DIFERENTES CONTAS OU PERFÍS PARA CADA ACTIVIDADE:** PROFESIONAL, PERSOAL, FAMILIAR...
6. **DEIXANDO DE SEGUIR PERFÍS E PÁXINAS** QUE EXPOÑAN INFORMACIÓN QUE NOS MOLESTE OU CONSIDEREMOS IRRELEVANTES.
7. **BLOQUEANDO PERFÍS E PÁXINAS** QUE NOS FAGAN SENTIR INCÓMODAS POR CALQUERA RAZÓN.
8. **DENUNCIANDO PERFÍS E PÁXINAS** QUE ESTEXAN A PUBLICAR INFORMACIÓN NOCIVA PARA NÓS OU PARA OUTRAS PERSOAS.
9. **NON RESPONDENDO A CIBERATAQUES DE FORMA OFENSIVA,** OU NON RESPONDENDO EN ABSOLUTO.
10. **NON APOIANDO, NEN COMPARTINDO CONTIDO OFENSIVO.**
11. **NON GARDÁNDOO PARA NÓS.** SE ÉS VÍCTIMA DE CIBERACOSO FALA CON XENTE DE CONFIANZA OU PROFESIONAIS QUE TE PODAN AXUDAR.

ESTEREOTIPOS DE XÉNERO

DEFINEN O PAPEL DUNHA PERSOA EN FUNCIÓN DO SEU SEXO ESTABLECENDO, DESTA MANEIRA, UNHAS EXPECTATIVAS SOCIAIS DE COMO DEBEMOS ACTUAR, PENSAR E SENTIR DACORDO A SE SOMOS UN HOME OU UNHA MULLER.

HOMES

- PROVEEDOR
- CONQUISTADOR
- MACHOTE
- ACTIVO SEXUALMENTE
- LIDER
- RESPONSABLE



MULLERES

- COIDADORA
- BELEZA
- XUVENTUDE
- SUMISIÓN
- SEGUIDORA
- PASIVA SEXUALMENTE



PROS E CONTRAS DAS REDES SOCIAIS

REDES SOCIAIS COMO FACEBOOK E WHATSAPP, AS MÁIS UTILIZADAS NO NOSO GRUPO, PERO TAMÉN INSTAGRAM, TWITTER, TIK TOK, SNAPCHAT OU TINDER, ENTRE OUTRAS, SÓ PRECISAN DUN MOBIL E CONEXIÓN A INTERNET PARA CONECTARNOS CON MILLEIROS DE PERSOAS.

AVALIAMOS AQUI OS SEUS PROS E CONTRAS

PROS



- COÑECER A XENTE
- COMUNICARME
- FACIL COMPARTIR INFORMACIÓN
- PARA BUSCAR TRABAJO
- COMPRAS ONLINE
- BUSCAR INFORMACIÓN
- XESTIONAR TRÁMITES MOITO MÁIS RÁPIDO

CONTRAS



- QUE UTILIGEN AS TÚAS COUSAS PARA FACERTE DANO
- VULNERABLE A ESTAFAS, MANIPULACIÓN, ACOSO
- PODES SER VÍCTIMA DE CIBERBULLYING
- EXPOÑER A TÚA VIDA
- INSEGURIDADE